

**Disponibilidade da aula.**

Con respecto a este apartado no se prevé ningún problema por tratarse da aula de referencia deste grupo.

**Características dos ordenadores.**

Os tres ordenadores que imos utilizar instaláronse nesta aula no segundo trimestre do curso pasado. Eran equipos novos e teoricamente deberan funcionar ben. Pero a realidade foi outra ben distinta pois desde o primeiro momento tivemos problemas para utilizalos.

A conexión a Internet fallou moitas veces ata o final de curso. O mantemento dos equipos lévao unha persoa allea ó centro que é a que se encarga incluso de instalar os programas que necesitamos e non sempre está dispoñible o día que fai falta.

O curso pasado, cando había un problema cun ordenador había que dicirlllo a un cargo directivo que se encargaba de chamar ó técnico que habitualmente viña varios días despois. Ó final de curso, supoño que debido ás protestas dos profesores, decidiron que fósemos nós os que nos puxésemos en contacto co técnico por teléfono ou correo electrónico. Por este motivo pode haber problemas que entorpezan o desenvolvemento da experiencia.

**Agrupamento do alumnado na aula.**

Faranse grupos de dous alumnos. Un deles estará no ordenador e o outro axudándolle e tomando notas no caderno. Alternaranse os postos durante cada clase unha ou dúas veces, para evitar que estea máis tempo diante do teclado o que lle gusta máis ou o que o fai máis facilmente.

**Distribución dos equipos.**

A aula ten planta rectangular duns 12 m<sup>2</sup>.

Os ordenadores están situados en pupitres nunha esquina facendo un L. A mesa do profesor e o encerado están no outro lado da clase, de xeito que dos tres alumnos que estean sentados ante o teclado, un estará de costas ó encerado e os outros dous virados 90°.

No centro da aula hai outros 6 pupitres dispostos en forma de illa que son os que usan habitualmente cando non están no ordenador.

Teño previsto pedir que instalen provisionalmente na mesa do profesor, se é posible, un cuarto ordenador para utilizar en caso de que non funcione algún ou

para traballar de forma individual nalgún momento. Isto último pode ser interesante porque estes alumnos teñen uns ritmos de aprendizaxe e de traballo moi distintos.

### **Conectividade á rede Internet.**

Os tres ordenadores dispoñen de conexión a Internet. Pero polos problemas citados no segundo apartado paréceme máis razoable traballar, sempre que sexa posible, en modo local.

### **Outros medios didácticos.**

Os habituais nunha clase tradicional: encerado, fichas de exercicios, libros de texto e de consulta. Utilízase tamén, igual que o curso pasado, a calculadora científica e o programa Wiris.